

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2023 ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E EPI PRENSA, S.L.U.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación, formación Profesional e Universidades formalizou con EPI Prensa, S.L.U. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por colaborar na difusión de información cultural, educativa ou/e social entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**PRIMEIRO.-** A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é conforme o Decreto 119/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o departamento da Xunta de Galicia que ten por obxectivo garantir un sistema educativo de calidade, inclusivo, equitativo e orientado ao pleno desenvolvemento de todas as persoas, fomentando a colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións formativas na dimensión social da educación.



**SEGUNDO.-** As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Así mesmo, son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

**CUARTO.-** O fomento da lectura é un pilar fundamental que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquiran hábitos de lectura e culturais , asumindo a idea da cultura propia de Galicia como un dos principais aspectos da nosa sociedade. O fomento e promoción da lectura resulta un aspecto fundamental que resulta conveniente incluír entre o alumnado galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria xustificativa, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

